

Programa de bolsas Prácticas Fundación ONCE-CRUE para estudiantado universitario con discapacidade

Convocatoria 2023/24

Convocatoria da Universidade da Coruña

I. OBXECTO

A Universidade da Coruña (UDC) convoca catro bolsas de prácticas do programa da Fundación ONCE-CRUE dirixidas ao alumnado universitario cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %, co obxectivo de lle facilitar o desenvolvemento de prácticas académicas externas e promover así a mellora da súa empregabilidade e o seu futuro profesional. As ditas prácticas poderán ser desenvolvidas en grandes empresas, pemes, microempresas, empresas de economía social, entidades do terceiro sector e outras institucións públicas e privadas.

O réxime desta convocatoria axústase ao previsto no convenio específico de colaboración entre a CRUE e a Fundación ONCE para o desenvolvemento e a execución do programa de bolsas de prácticas para o curso académico 2023/24 no marco do Programa de inclusión social, garantía infantil e loita contra a pobreza FSE+, 2021-2027; no art. 14.5 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade; ao Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios; e ao vixente Regulamento de prácticas externas do estudiantado da UDC (aprobado polo Consello de Goberno o 23/04/2013 e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27/02/2015, 29/09/2015, 29/05/2018, 04/06/2019 e 03/11/2022).

II. PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas académicas externas a que se refire esta convocatoria poderanse desenvolver desde o día seguinte ao de se publicar a resolución das persoas bolseiras por parte da UDC e até o 31/12/2024.

Cada bolsa terá unha duración de tres meses. A distribución diaria establecerase de acordo coas características da práctica e a dispoñibilidade da entidade colaboradora. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica formativa, de representación e participación que desenvolva o alumnado, polo que cómpre un acordo previo entre a empresa e a persoa bolseira.

A realización das prácticas académicas externas non poderá levarse a cabo de maneira fraccionada. No caso de que, como consecuencia dunha enfermidade, o agravamento da discapacidade, o período vacacional da empresa, mutuo acordo ou outra causa de forza maior debidamente xustificada, a persoa bolseira non puidese continuar a desenvolver as prácticas, estas interromperanse, tras o cal poderán ser retomadas até completar o período de tres meses con data límite do 31/12/2024. O período de suspensión da bolsa debido ás causas nomeadas leva consigo a interrupción automática do pagamento da bolsa, que se retomará unha vez que conclúan as causas da suspensión. Se o período de suspensión se prorroga máis aló do 31/12/2024, a persoa bolseira deberá presentar a súa renuncia.

III. REQUISITOS DA PARTICIPACIÓN

1. Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.
2. Estar oficialmente matriculado/a, no momento da solicitude e do comezo das prácticas, en calquera grao ou mestrado (oficial ou propio) que imparta a UDC.
3. Ter superado o 50 % dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos correspondentes á formación básica. No caso do alumnado de mestrado, a porcentaxe de créditos que cómpre que aprobase será do 25 % no momento de finalizar o prazo de inscrición.
4. Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable con ningunha empresa, institución ou entidade no momento do inicio das prácticas.
5. A bolsa é compatible con calquera outra axuda de carácter asistencial de natureza distinta ás que son obxecto deste programa, calquera que for a súa orixe, pública ou privada, a que poida acceder o alumnado; cunha posible pensión non contributiva por discapacidade, sempre dentro dos límites establecidos legalmente; e coas axudas que o/a estudante poida obter da empresa ou entidade de destino.
6. Para as prácticas curriculares estarase ao disposto no plan de estudos de cada titulación.

IV. DOTACIÓN DAS BOLSAS DA FUNDACIÓN ONCE

A Fundación ONCE efectuará o pagamento dunha cantidade de 2000 € por bolsa outorgada a cada estudante. Os/as estudantes recibirán 600 € ao mes durante un máximo de tres meses; cos 200 € restantes cubriranse os gastos de asesoramento e apoio por parte da Universidade e gastos de Seguridade Social.

A achega da Fundación ONCE está cofinanciada polo Fondo Social Europeo no marco do Programa operativo de inclusión social, garantía infantil e loita contra a pobreza FSE+, 2021-2027.

Esta convocatoria está financiada con cargo á partida 030A422D48000 do orzamento da UDC para o ano 2024.

As cotizacións á Seguridade Social suxeitaranse ao disposto no Real decreto lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sostibilidade do sistema público de pensións, e o Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, así como ás posibles bonificacións ou exencións da Seguridade Social que puidesen existir en relación coa realización das prácticas de persoas con discapacidade.

A concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da UDC para o ano 2024, conforme o establecido no art. 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V. PRAZO DE INSCRICIÓN

Desde o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC até o 29/02/2024.

VI. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN PARA O ALUMNADO

1. O alumnado que desexe solicitar unha das bolsas a que se refire esta convocatoria deberá inscribirse no portal web do programa de bolsas Prácticas Fundación ONCE-CRUE, co enderezo <<http://becas.fundaciononce.es/>>. Na nomeada plataforma informática achegará o seu certificado de discapacidade, o seu currículo vitae e calquera outro documento que se lle requira a través dese ou doutro medio.
2. O alumnado matriculado nun mestrado cuxa titulación habilitante fose cursada noutra universidade deberá subir ademais á plataforma o expediente académico de tal titulación (grao ou equivalente) coa nota media calculada sobre dez.

Aquelas solicitudes que non cumpran o procedemento antes indicado serán anuladas automaticamente.

VII. ASIGNACIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

A UDC asignará as bolsas entre o alumnado candidato de acordo cos principios de transparencia, capacidade e mérito. De acordo con estes principios determinaranse, con carácter previo, os criterios cuantitativos que permitirán establecer o baremo das solicitudes tendo en conta estes elementos:

1. Expediente académico
2. Grao de discapacidade oficialmente recoñecido.
3. Adecuación ao perfil solicitado na oferta da entidade colaboradora e méritos expostos no currículo.
4. En caso de igualdade de méritos, daráselle prioridade ao alumnado do último curso, a aquel que non efectuase prácticas académicas ou a aquel que conte con outras circunstancias persoais e sociais que deban ser consideradas, segundo se reflicte na Convocatoria de bolsas Prácticas Fundación ONCE-CRUE 2023/24.
5. No caso de darse ofertas de prácticas con dobre carácter curricular e extracurricular, terán preferencia as prácticas de carácter curricular.
6. Tras asignarse as prácticas, elaborárase unha listaxe de agarda. De existir renuncias, a UDC acudirá á listaxe do alumnado solicitante admitido non bolseiro por orde de puntuación.

VIII. XESTIÓN DAS BOLSAS

A xestión destas bolsas levarana a cabo de modo coordinado a Unidade de Emprego da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade e a Unidade de Atención á Diversidade da UDC.

Finalizado o prazo de inscrición, publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña unha listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Asemade abrírase un prazo de cinco días hábiles que contarán a partir do día seguinte ao desta publicación, para presentar calquera reclamación e/ou achegar a documentación requirida, segundo o motivo da exclusión.

A Unidade de Emprego da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade elaborará unha listaxe de persoas candidatas, ordenadas segundo a súa idoneidade, para lle remitir a cada entidade colaboradora. O alumnado será sometido á valoración da entidade correspondente nunha entrevista persoal, de acordo con aqueloutros criterios que esta considere de aplicación no marco das súas políticas de prácticas formativas. A adxudicación da bolsa dependerá de que a devandita entidade acepte a candidatura do alumnado. Unha vez seleccionada a persoa bolseira, a entidade colaboradora deberá enviar un correo electrónico ao enderezo emprego.vee@udc.gal cos datos dela. As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de chegada dos correos electrónicos. Posteriormente, a Unidade de Emprego notificaralle á persoa seleccionada que foi aceptada pola empresa.

A adxudicación de cada praza producirá os seus efectos o día da publicación da resolución. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse potestativamente recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao de se notificar a resolución; ou calquera outro recurso que se estime procedente.

IX. FINANCIAMENTO DAS BOLSAS

A UDC recibirá a dotación das bolsas de prácticas da Fundación ONCE-CRUE cofinanciadas polo FSE en concepto de mecenado, ao abeiro do previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. Deberá destinar a devandita dotación aos seguintes conceptos:

1. Pagamento dunha bolsa ao alumnado participante.
2. Cumprimento das obrigas que, en materia de seguridade social, fiscal ou de calquera outro tipo, con carácter xeral, lle correspondan ou poidan chegar a corresponder por imperativo legal ou regulamentario á propia UDC en canto financiadora directa das bolsas.

Cómpre ter en conta a posibilidade de que estes importes poidan variar en función de se as prácticas teñen a consideración de curriculares ou non. No primeiro caso, ao abeiro do disposto na disposición adicional vixésimo quinta do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, ou norma que o substitúa, modifique ou complemente no futuro, poderían estar bonificadas na cotización da Seguridade Social.

En calquera caso, será a UDC a que lle aboe a cada estudante o importe correspondente á bolsa. Farao na conta corrente da entidade bancaria indicada pola persoa beneficiaria, da cal esta deberá ser titular ou cotitular. O pagamento efectuarase por mensualidades, de acordo coa normativa interna de xestión das prácticas académicas externas formativas.

No caso de que non chegase a completarse o período da bolsa, o alumnado bolseiro deberálle comunicar a quen coordine as prácticas no seu centro e ao equipo xestor deste programa, a través do enderezo de correo <emprego.vee@udc.gal>. Se a finalización prematura é decisión do/a estudante e non resulta debidamente xustificada e/ou comunicada con antelación suficiente, a UDC poderalle reclamar os custos ocasionados. No caso de que a persoa bolseira abandone as prácticas ou renuncie a elas nun período de tempo inferior a oito días, non percibirá ningunha contía. Se por pedimento da persoa bolseira o período de prácticas rematase antes dos tres meses de duración mínima, recibirá o importe da bolsa correspondente ao período realizado de maneira proporcional.

X. INTERPRETACIÓN

Estas bases foron formuladas a modo de extracto dos termos e condicións xerais do programa a que se adhire para a súa participación a UDC, os cales prevalecerán en caso de litixio, discrepancia, cuestión ou reclamación resultante da súa execución ou interpretación, sen prexuízo do previsto no parágrafo seguinte.

As actuacións administrativas dos diferentes órganos da UDC que participan neste procedemento serán recorribles, en canto se desenvolven no exercicio das súas competencias de dereito público, na forma prevista no art. 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que se indicará nos acordos ou resolucións correspondentes; e, de ser o caso, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

XI. INFORMACIÓN

Emprego UDC Ferrol
Edificio de Apoio ao Estudo, baixo
15403, Campus de Esteiro
Extensións: 3618, 3617, 3616
Correo electrónico:
<emprego.vee@udc.gal>

Emprego UDC A Coruña
Pavillón de Estudantes, 1.º andar
15008, Campus de Elviña
Extensións: 2916, 2901
Correo electrónico:
<emprego.vee@udc.gal>

XII. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e do art. 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que nos facilite a través da presentación dunha solicitude nesta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son os seguintes: rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <rpd@udc.gal>.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a convocatoria de bolsas de prácticas da Fundación ONCE para estudantado universitario con discapacidade. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 da LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir tal fin, sen prexuízo de que se conserven por se existiren responsabilidades legais.

A persoa interesada consente expresamente o citado tratamento de datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita; porén, terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con base nalgunha das outras bases de lexitimación recollidas no ar. 6 do RXPDP. Ten dereito a lle solicitar á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. De igual xeito, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, no apartado de Outros trámites. Así mesmo, pode remitir unha solicitude (por correo postal ou a través dos rexistros presenciais e da Sede Electrónica da UDC) ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico <rpd@udc.gal>, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, con que achegará copia do DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos da UDC, na mesma forma anteriormente indicada, ou ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD)."

Na data e o lugar da sinatura dixital

O reitor

Ricardo José Cao Abad